

Foto-memoria dunha vila

XESÚS TORRES REGUEIRO*



PRAZA DO CAMPO

Un día, un día calquera, na arteria principal da vila e ... nada. Non pasa nada. ¡Que calma tan pasmosa! Diríase que o tempo se parou nesta hora e nesta vista. Ausencia case total de movemento. Semellara que a cidade enteira se atopa sumida no sopor dunha sesta de domingo de verán. ¿Estará a agardar por alguén ese taxista ou "chauffer"? Quizais limitase a estar, así, en agarda de que algo suceda, algo que rache esa monótona calma conxelada nun momento, mentres segue coa mirada as evolucións das mozas que se dispoñen a enche-las sellas na fonte.

Aí temos destacando, que para iso era, rachando as liñas do conxunto de galería asoportalada, co seu ar afrancesado, a casa de don Juan (¿ou quizais xa era neste in-

* Xesús Torres Regueiro, betanceiro, é profesor de E.X.B. autor de "Xoan Vicente Viqueira e o nacionalismo galego", "Alcumes recollidos en Betanzos" (en colaboración con Xulio Cuns Lousa), e de diversos traballos sobre a Historia Contemporánea de Betanzos e Galicia, moitos deles publicados no Anuario Brigantino.

tre de don Jesùs, o fillo?). Ó fondo, tamén con ar foráneo e divorciada das galerías, a da filla, dona Agueda, como un pazo de contos de fadas, sentíndose vixiada e tutelada pola autoridade da paterna. Case poderían comunicarse dunha á outra, tan preto están os solares de pai e filla. ¿Querería dona Agueda -sempre Agueducha para os pais- facer unha prolongación da casa paterna, coma xunguidas por un subterráneo cordón umbilical?

¡E que enorme luxo non sería ter no centro da vila un paciño co seu xardín! Coussa que a paterna, pola situación do solar, non podía obviamente ter. Claro que don Juan tiña más ca un xardín: tiña o Pasatempo. Nel cultivou a flor da fantasía, que algúns malpensados coidaban raiana coa tolemaia. ¡Fermosa caste de tolemaia!

Ó chegar aquí temos que entonar un réquiem pola casa de dona Águeda, varrida -ó igual ca outras tantas cousas- pola especulación e o moderno urbanismo, e que coma unha pequena vinganza deixoulle o estigma ó solar e á nova casa erguida nel, que a xente teima en seguir chamando "a de dona Agueda" por máis que agora teña moitos propietarios e ó mellor ningún se chama así.

O resto é tal cual. Como si o tempo non pasara. Facendo abstracción, claro é, dos numerosos vehículos, terrazas de cafeterías, ruidos -que ainda que iso non se vexa nas fotos, intúese- e o bule-bule da xente correndo daquí para aló, con presas case sempre. ¡Calquera lle falaba de presas a ese impávido "chauffeur"!

DANZAS NA RIBEIRA

Eiqui tedes a vella danza gremial dos mariñeiros fundidos co pobo, cos seus veciños, nunha parada na Ribeira, o barrio de onde, con toda seguridad, sairon estas ancestrais danzas do antigo gremio dos mareantes. Mareantes que mareaban na ría,



noutrora fecunda e rica, e baixaban as súas mareas no saudoso Peirao de fermosas arcadas nas vellas casas de balcóns mariñáns, axeitados para seca-las redes e o millo. Peixe abondoso e fresco a vender na vella Pescadería da Ribeira de Abaixo. Mariñeiros que entre nós xa só fican como alcumes, lembrando oficios que foron.

Ollade esas facianas ledas, de festa, de orgullo de posar coa danza, coa súa danza, algo de seu, dos seus homes, dos seus pais, dos seus avós, dos seus parentes e amigos... As nais a posar de diario, así de naturais, ainda sen arranxar para a festa, fachendosas cos seus fillos. Nenos ledos, felices, gorentando xa as larpeiradas festivas, desexosos de olla-los mómaros e cabezudos e de correr tras das canas dos foguetes. Nenos que quizás algún día collerán o relevo do veciño, do parente, do pai, ó frente da danza e herdarán a filigrana dos arcos. Nenos que hoxe teñen trinta anos máis enriba do lombo e, ó mellor, quixeran voltar a ser como aquí eran.

Ollade ó Cueiro e ó Lilo, risoños e satisfeitos, na súa función de guieiros da danza. Lembranza para eles, que nos deixaron sen danza e sen a súa presencia tan familiar, e que quizás anden agora aledando co trenzado dos seus pasos o silencio do alén.

Ollade á petrucia do grupo, miña ayoa, a sorrir, de loito riguroso salpicado de branca fariña que a delata vindo de ama- sa-la empanada ou de levar ó forno a "biscochada" de rigor, que para iso é festa, satisfeita do deber cumplido.


Sempre hai unha sorrisa para o fotógrafo nese intre máxico de "saí-lo paxariño", pero aquí é unha sorrisa espontánea, espallada a todos, grandes e nenos, unha sorrisa múltiple, festiva e contaxiosa porque hai ledicia, porque hai festa e as preocupacións diárias e cotiáns aprázanse deica outro día, que tempo haberá para a tristura e os sinsabores.

COSTA DOS FERREIROS

En Betanzos "todo son costas ata subir á praza" diríamos parafraseando un velo dito que comparaba a figura da vila cunha taza, quizais por tributo da rima. Estamos diante dunha delas. E non dunha calquera. Esta é a vella, a antiga costa dos Ferreiros, lembranza dos antigos gremios que, ó igual que na dos Prateiros, deixaron a súa pegada no nomenclator da vila –senón no oficial, si no popular, que é o auténtico– evocando vellas ocupacións e quefaceres. E quizais eses balcóns de ferro forxado sexan tamén herdo da arte daqueles ferreiros gremiais.

Hoxe xa non quedan ferreiros nesta rúa na que outros artesáns doutros oficios teñen os seus obradoiros abertos. A vella rúa segue igual, con apenas cambios que non alteraron a súa esencia, A xente a baixar e subir–con esforzo– coma sempre, e algún que outro auto poñendo os frenos a proba no descenso. Pero non nos deteñamos en comparacións inútiles e poñamos de cheo a nosa atención nesta fotografía dos anos trinta que aparecía na guía-folleto que daban na Coruña ós turistas franceses. Ben contentos estarían os de "Casa García" pola publicidade directa e gratuita que lle facían, ainda que daquela a publicidade non se valoraba tanto coma hoxe.

Ollemos esa muller que baixa coa paxeta acugulada, o paso rápido –é sabido que para baixo tódolos santos axudan–, o ar decidido, ¿virá de vender ou mercar na Pescadería vella ou no mercado?, ¿traerá no semblante a ledicia de levar para a casa o sustento necesario ou a tristura de non ter vendido e vir de volta cargada?



E esa outra que ven da fonte de San Francisco coa sella chea, con paso firme e preciso, nun equilibrio perfecto, marcando un perfil esquemático, coa seguridade que da o ter feito centos de veces o mesmo percorrido e a mesma operación sen verquer unha gota de auga, ¿qué profundas cavilacións levará na súa testa ergueita, presionada polo peso?

¡Cantos quilos, quintais, toneladas, non terán suportado estas mulleres sobre as súas testas ascitas nas idas e vidas do ruxe-ruxe diario ó longo da súa vida?

As sombras sinalan a proximidade do medio día na posición do sol que loce fermoso neste día primaveral. Hai que apurarse para te-lo xantar a punto. Os homes logo virán e traerán fame e apuro, que axiña hai que voltar ó traballo. Ben o sabe a da paxeta, vestido a lunares, que deixou a medias a conversa coa comadre cando ouí dás badaladas no reloxio do Campo.

E qué mellor marco para esta vella rúa dos Ferreiros que ese arco oxival quinientista. Por esta Porta da Ponte Nova entraban os que viñan na dirección da Coruña, atopándose ó traspasala con esta costa excesiva para moitos, como un primeiro pulso que a cidade murada lles botaba. E alí estaban, para recibilos, os ferreiros cos seus obradoiros abertos nos baixos. E outras cousas habería que nin todo ían ser ferreiros nesta rúa.

FONTE DE UNTA

¡Qué engado especial ten esta fotografía tomada por Kindel aló a primeiros dos anos cincuenta! Foi preciso un momento especial, xusto, único, irrepetible, e alí estaba o fotógrafo para captalo.

A vaca –qué rara perspectiva vacuna!– centra a fotografía. Unha vaca escuálida que segue manseliña ó amo que tira por ela. ¡E qué curiosa a sombra da vaca! Estamos certos que sen a vaca esta foto perdería moito. Non sen a vaca, senón sen esta precisa e especial "vista" da vaca.

Despois da vaca, unha vez que nos imos familiarizando coas casas, balconadas e empoleiradas, de onte e de hoxe, e nós sabemos situados xusto aí, nese recuncho inconfundible tantas veces retratado e reproducido por fotógrafos e pintores.

Despois diso, dicía, a ollada váisenos inevitablemente para esa nena –ou será un neno?– que mira de frente, atenta ó obxectivo da cámara, co cabelo recollido e a cara tan redondiña, ás mans nos petos que vai frío. E váisenos tamén a ese fume que pon unha nota de alarma na bucólica estampa. Pero non pasa nada. Unha cheminea que non desfuma ben ou a leña que está verde e todo é fume. E non sabemos moi ben por qué asociamos ese fume co frío mañanceiro que se palpa no ar.

E tantos nenos na rúa, arranxadiños, con roupa de abrigo que semella nova, como se fose domingo. ¿Qué sería destes nenos e nenas, hoxe coarentóns e con fillos, seguramente? ¿Recoñecerase algún ó cabo dos anos? Se é así, de certo que levarán unha alegría ollándose aquí, eternizados, nunha instantánea tomada por un home que pasaba nun momento que xa nin lembran.

E esa nena de manga curta, de "corpo xentil", ¿será así de calurosa ou non terá abrigo para cubri-las súas carnes novas? Qué fráxil e elegante nos semella, así, como aparecida de repente, desafiante e allea ó frío invernizo que se adiviña nos outros nenos abrigadiños, a xiada tan recente áinda.



E que redondiña e perfecta a curva da rúa, xusto na esquina onde antes estivo a fonte do Picho Carolo, nunca esquenida polos veciños que a coñeceron, que nela lavaban os ollos para telos limpos e ollar mellor a vida, que disque era aquela auga boa para os males da vista, que non de ollo.

Quizais hoxe poidera, non con moito esforzo, tomarse unha estampa semellante á que estamos a ver –nunca a mesma, claro está– pero xa sería artificio. Daquela a rúa era da xente e para a xente e esta era unha escena diaria e natural. Hoxe nin a acera é segura. O decorado pode se-lo mesmo pero os actores víronse obrigados a muda-lo seu desenvolvemento cotián no escenario da rúa.